



**I PLAN MUNICIPAL
DE INTEGRACIÓN DE INMIGRANTES.**

CONCELLO DE BURELA

Benqueridas veciñas e veciños:

Todas as persoas que residimos neste Concello coñecemos de primeira man a realidade migratoria e a gran traxectoria da mesma ao longo de moitos anos no noso termo municipal. De aí que o Concello de Burela, co fin de favorecer a integración de persoas inmigrantes e fomentar a convivencia de persoas de distinta procedencia e cultura que residen no noso municipio, entende a necesidade de deseñar o *I Plan de Integración Municipal* como instrumento que asenta as bases da política municipal en materia de inmigración para os vindeiros anos, cimentado tanto en favorecer a integración social dos colectivos inmigrantes que se achegan ao noso municipio, como en sensibilizar á poboación de acollida en relación ao fenómeno da inmigración, promovendo en todo momento a tolerancia e o respecto cara estes colectivos.

Este *I Plan de Integración Municipal* asenta as accións positivas que articulan unha resposta planificada, estruturada e coordinada dende o goberno local ao obxecto de posibilitar a integración das persoas inmigrantes e a convivencia intercultural. A súa concepción ciméntase nos principios rectores de igualdade, integrabilidade, normalización, coordinación e transversalidade, responsabilidade pública, interculturalidade e participación social.

Para cumprir esta liña de actuación, o *Plan* estrutúrase en cinco grandes áreas de intervención: acollida e acceso aos recursos, participación cidadá, servizos sociais, educación e convivencia intercultural. Cada unha consta de varios obxectivos definidos para a súa consecución, con varias actuacións, tratando deste modo de cubrir os aspectos e ámbitos máis relevantes da convivencia intercultural no noso Concello, así como da integración social, cultural e económica do colectivo inmigrante residente nesta localidade.

Esperando que este documento acade a súa plena finalidade, que en definitiva é a mellora das relacións, cohesión e convivencia de todas as persoas veciñas do noso pobo e a integración real das persoas inmigrantes, dende o Concello de Burela agradecemos de antemán o teu interese polo mesmo.

Sen outro particular, recibe un cordial saúdo.

José González Barcia,
Alcalde-Presidente do Concello de Burela

Diana Durán García
Concelleira de Servizos Sociais,
Muller, Igualdade e Sanidade

INDICE

- I. INTRODUCCIÓN.**
- II. MARCO LEXISLATIVO.**
- III. CONCEPTOS BÁSICOS.**
- IV. REALIDADE MIGRATORIA NO CONCELLO DE BURELA. DATOS ESTATÍSTICOS.**
- V. PRINCIPIOS RECTORES.**
- VI. DEFINICIÓN E OBXECTO.**
- VII. ÁREAS DE ACTUACIÓN.**
- VIII. AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO.**

II. MARCO LEXISLATIVO

MARCO INTERNACIONAL

No ámbito do dereito internacional márcanse os grandes principios relativos aos dereitos humanos e liberdades fundamentais das persoas, que informan o tratamento que os estados deben facer dos dereitos das persoas inmigrantes.

- Declaración Universal dos Dereitos Humanos do 10 de decembro 1948.
- Convención sobre o Estatuto de Refuxiados de 1951 e o seu Protocolo de 1967.
- Convención sobre o Estatuto dos Apátridas de 1954.
- Convención Internacional sobre a Eliminación de todas as Formas de Discriminación Racial de 1965.
- Convención Internacional contra a Tortura e outros Tratos ou Penas Cruéis, Inhumanas ou Degradantes de 1984.
- Convención Internacional sobre os Dereitos do Neno do 1989.
- Convención Internacional sobre a Protección dos Dereitos de todos os Traballadores Migrantes e das súas Familias de 1990.

MARCO COMUNITARIO

- Tratado de Roma do 25 de marzo de 1957, creador da Comunidade Económica Europea, consagra a libre circulación de traballadores comunitarios.
- Acta Única Europea do 17 de febreiro de 1986, ratificada por España o 9 de decembro de 1986. Recoñece que son competencias dos Estados as políticas de inmigración.
- Tratado de Maastricht do 7 de febreiro de 1992. Supón un impulso ás políticas comunitarias.
- Convenio de aplicación do acordo de Schengen, do 14 de xuño de 1985, relativo á supresión gradual dos controis nas fronteiras comúns, Acordo de Adhesión de España o 25 de xuño do 1991.
- Directiva 2000/43/CE do Consello, do 29 de xuño do 2000, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato das persoas independentemente da súa orixe racial ou étnico.
- Directiva 2000/78/CE do Consello, do 27 de novembro do 2000, relativa ao establecemento dun marco xeral para a igualdade de trato no emprego e a ocupación e loita contra a discriminación e o racismo.
- Directiva 2003/86/CE do Consello, do 22 de setembro do 2003 sobre o dereito á reagrupación familiar.

MARCO ESTATAL

- Constitución Española, do 27 de decembro do 1978. Con respecto ás persoas estranxeiras, o artigo 13 expón que gozarán das liberdades públicas nos termos que establece a Lei.

- Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, modificada pola L.O. 8/2000, do 22 de decembro, pola L.O. 11/2003, do 29 de setembro e pola L.O. 14/2003 do 20 de novembro

Na lei inclúese o dereito á educación e á asistencia sanitaria, así:

- Artigo 10: Dereito ao traballo e á Seguridade Social.
 - Artigo 12: Dereito á asistencia sanitaria.
 - Artigo 13: Dereito a axudas en materia de vivenda.
 - Artigo 14: Dereito á Seguridade Social e aos Servizos Sociais.
- Regulamento da Lei de estranxeiría: Real Decreto 2393/2004, do 30 de decembro polo que se aproba o regulamento da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

A política destinada especificamente á integración social das persoas inmigrantes, e non tanto á regulación dos fluxos migratorios, recolleuse noutros instrumentos xurídicos, e en diferentes accións públicas das que os programa GRECO son o mellor exemplo.

MARCO AUTONÓMICO

A actual distribución de competencias habilita ás comunidades autónomas, sempre en sentido positivo e complementario á acción do Estado, para legislar e levar a cabo accións para desenvolver a política de integración social das persoas inmigrantes. Este concepto de integración social das persoas inmigrantes abarca unha serie de dimensións relacionadas co gozo dun conxunto de dereitos civís, políticos, económicos, sociais e culturais.

- Secretaría Xeral de Emigración.

Correspóndelle as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1983 do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, así como as relacións coas comunidades galegas no exterior, a política inmigratoria e de retorno de Galicia, e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coa emigración.

Esta Secretaría estrutúrase en cinco subdireccións xerais, das que hai que sinalar pola súa vinculación coas políticas migratorias, a Subdirección Xeral de Planificación das Políticas do Retorno e Inmigración e a Subdirección Xeral de Xestión das Políticas do Retorno e Inmigración.

- Consello Galego da Inmigración.

Creado polo Decreto 127/2006 do 27 de xullo, é un órgano colexiado de consulta, asesoramento e colaboración integrado na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Secretaría Xeral de Emigración.

Os seus obxectivos principais é ser a canle de participación e diálogo, recoller as aspiracións e demandas da poboación inmigrante e dos diferentes actores sociais das que se derivarán propostas tendentes a promover a súa integración, informar e asesorar na planificación das actuacións a Administración autonómica galega en materia de inmigración, así como facer avaliacións sobre as actuacións emprendidas.

MARCO LOCAL

O Municipio é o marco por excelencia de convivencia civil. As institucións que conforman o réxime local contan cunha inmediata proximidade aos colectivos e ao cidadá en particular, tal como se proclama na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

É importante sinalar que non existen competencias específicas en materia de inmigración nos municipios, pero sin embargo, o municipio é a vía principal para que as medidas sobre inmigración se fagan efectivas no ámbito local.

III. CONCEPTOS BÁSICOS

-INMIGRACIÓN

O Plan recolle o concepto de Inmigración como un fenómeno positivo e enriquecedor. Este fenómeno contribúe en grande maneira ao enriquecemento cultural e diversidade na nova sociedade que se está a xerar en Burela. Este enriquecemento axuda ao mesmo tempo a crear unha globalización, modernidade e pluralismo da sociedade.

A inmigración é parte dun proceso social que abrangue todos os ámbitos da vida cotiá e non se pode fundamentar soamente no plano xurídico ou laboral. Ao ser un proceso dinámico e en constante cambio, hai que ser conscientes do grado de adaptación ao que temos que estar preparados, tanto na xestión das diferentes políticas como no traballo diario.

-INTEGRACIÓN

A Integración é un concepto bidireccional que implica un dinamismo e reciprocidade especial entre a poboación de acollida e a poboación inmigrante. Desde un punto de vista cultural ou político, a integración e interculturalidade non é a suma de identidades, nin moito menos a asimilación doutras culturas. Isto implica a posibilidade da incorporación plena e libre das persoas inmigradas nas culturas da sociedade receptora. Para isto, a Administración debe garantir o dereito dos estranxeiros a participar do mesmo xeito na vida social da vila.

Así, podemos dicir que é un proceso que ten como obxectivo garantir que cada persoa atope o seu sitio e a súa función na comunidade, que podan desenvolver as súas potencialidades, asumir as súas responsabilidades como cidadáns e ter a vontade de asentarse e participar na vida social, a cambio, a sociedade de acollida garantízalle o disfrute de todos os bens colectivos e a igualdade de dereitos.

-CIDADANÍA

O novo concepto de Cidadanía debe desligarse do concepto de nacionalidade e de calquera outro concepto que indique diferenciación algunha e centrarse no termo de Residencia. Esta residencia inclúe tanto a nacionais como a estranxeiros e dentro destes últimos non se pode facer referencia á distinción administrativa entre regularidade ou irregularidade. Esta situación administrativa corresponde ao Dereito de Estranxeiría, pero non ao dereito democrático no cal deben estar asentadas as políticas municipais.

IV. REALIDADE MIGRATORIA DO CONCELLO DE BURELA. **DATOS ESTADÍSTICOS.**

Na Mariña luguesa existe, dende o ano 1977, unha importante comunidade inmigrante de orixe caboverdiano.

É necesario centrarse nesta comunidade caboverdiana, posto que son eles os protagonistas e os pioneiros deste fenómeno na zona.

Para coñecer a realidade desta comunidade, debemos remontarnos as orixes dun país que como o noso, ten importantes fluxos de emigración.

A comunidade de inmigrantes supón o dobre da comunidade residente no país. Existen innumerables comunidades caboverdianas por países occidentais (Estados Unidos, Holanda, Francia, Portugal), por países africanos (Angola, Mozambique, Senegal) e Iberoamérica (Brasil). No estado español as comunidades máis destacables atópanse na zona mineira de León (Bembibre, Ponferrada, Villablino), Aragón (Zaragoza, Alcañiz), Madrid e A Mariña (Galicia).

A súa chegada produciuse a partir do 1977 con motivo da construción da factoría Alumina-Aluminio, vindo varios homes dende Euskadi a través da empresa constructora Ferrovial. Estes individuos que foron o principio da comunidade, traballaron neste lugar ata o remate da construción da fábrica. Durante este período, non superior a dous anos, algúns comezaron a traer ás súas mulleres, iniciándose o asentamento en base a estrutura familiar.

Unha vez rematada a construción desta factoría, non conseguiron traballo na mesma. A apertura desta grande fábrica, fixo que un grande número de mariñeiros da zona se cambiasen ao traballo en terra, ficando un grande xacemento laboral no mar, que veu perder en pouco tempo un grande número dos seus traballadores. Os homes caboverdianos que había na zona, comezaron a traballar como mariñeiros, e dada a grande demanda existente no porto de Burela naquel entón, comezaron a chegar máis emigrantes caboverdianos, atraídos polas posibilidades neste sector. Así, durante os anos oitenta a comunidade foi medrando considerablemente, funcionando como man de obra estratéxica.

Durante esta década foise establecendo esta comunidade, agora xa composta maioritariamente por grupos familiares (homes, mulleres, nenos e nenas que comezaron a nacer aquí e rapaces que viñeron chegando a xunto dos seus pais).

Nos anos noventa, debido a que o único sector do traballo seguía sendo o mar, un grande número de familias e mozos comezaron a reemigrar cara a outros destinos cun mercado laboral máis diversificado, especialmente á cidade de Zaragoza, na que existe unha importante comunidade caboverdiana. Con este fenómeno, diminuíu o número de inmigrantes na nosa zona, quedando aquí principalmente familias con fillos e fillas, que residen xa cun alto grado de estabilidade. Nesta década produciuse a concentración da maioría destas persoas na vila de Burela.

En setembro do 98 iniciouse o Proxecto “Bogavante”, da man de REGAL (Rede galega de loita contra a pobreza e exclusión social), pioneiro no traballo coa comunidade. Este proxecto, que traballou pola integración do colectivo a nivel laboral, social e cultural, rematou en febreiro do 2000. Dende esta data, fíxose cargo do traballo coa comunidade o Concello de Burela, a través da Dirección Xeral de Familia, coa que se trata de fomentar, formar na cultura e integrar socialmente dentro da cidadanía autóctona.

A asociación cultural “Tabanca” nacida no 1987, aglutina a toda a comunidade. Despois de case dez anos sen case funcionar na práctica, traballouse para lograr a súa reactivación, gozando hoxe de boa saúde organizativa.

Na actualidade, neste Concello xa non son os caboverdianos os únicos estranxeiros asentados, senón que as nacionalidades vanse facendo cada vez máis diversas.

Así, cada día, chegan a Burela, persoas e familias enteiras de países como Perú, chegadas para internarse no mundo do mar, e Arxentina, Uruguai, Colombia e Europa do Este, polas situacións que se viven neses países. Ultimamente tamén chegan homes de Indonesia para incorporarse no mundo do mar. Todas forman parte, nunhos ámbitos ou noutros, do conxunto do traballo deste programa de atención e apoio a estes colectivos.

Na actualidade, existen tres asociacións culturais de Cabo Verde, unha de Perú e está en marcha a creación dunha asociación cultural de senegaleses, polo que nos deixan patente a importancia de traballar con eles, tanto pola porcentaxe tan importante que forman no padrón de habitantes, como polas súas enriquecedoras aportacións á realidade burelesa.

Datos Estatísticos

- Poboación total empadronada no Concello de Burela e estranxeiros comunitarios e extracomunitarios nos anos 2008 e 2011.

	2008	2011
Poboación total	9.344	9.689
Estranxeiros Comunitarios	158	211
Estranxeiros Extracomunitarios	854	1.023
Total estranxeiros	1.012	1.234
% Estranxeiros Comunitarios	1,69 %	2,18%
% Estranxeiros Extracomunitarios	9,14 %	10,56%
% Total Estranxeiros	10,852 %	12,74%
Nº de unidades familiares mixtas	143	182

➤ Nacionalidades existentes no Censo de Poboación do Concello de Burela.

Nacionalidades	2008		2011	
	Número	Porcentaxe	Número	Porcentaxe
Cabo Verde	289	3,093%	411	4,242%
Perú	237	2,536%	202	2,085%
Portugal	125	1,338%	155	1,600%
Indonesia	78	0,835%	117	1,208%
Brasil	61	0,653%	56	0,578%
Colombia	52	0,057%	58	0,599%
Uruguai	32	0,342%	25	0,258%
Marrocos	31	0,332%	39	0,403%
Senegal	20	0,214%	38	0,392%
Total Nacionalidades	33		37	

➤ Estranxeiros segundo a variable sexo no Censo de Poboación do Concello de Burela.

	2008	2011
Mulleres comunitarias	61	87
Mulleres extracomunitarias	338	405
Homes Comunitarios	97	124
Mulleres Extracomunitarias	516	618

V. PRINCIPIOS RECTORES

-IGUALDADE

O principio de igualdade implica o grado máximo dos dereitos humanos no marco das competencias propias do ámbito municipal. Isto afecta aos dereitos civís, dereitos sociais, económicos e culturais, que se xeneralizan a todas as persoas residentes, con independencia da súa nacionalidade, e situación xurídica. Asimesmo implica a igualdade de deberes a fin de que non exista ningunha diferenciación.

Tamén implica do mesmo xeito un acceso igualitario ás prestacións e servizos que garantizan os dereitos recoñecidos nun Estado social e democrático. A igualdade debe ser plena, equiparando a nacionais e estranxeiros residentes, así como ao conxunto de persoas estranxeiras entre si.

-INTEGRABILIDADE

A consideración da sociedade como un todo, implica a necesidade de orientar as actuacións do plan a toda a sociedade, poboación inmigrante, poboación de acollida, profesionais, medios de comunicación,...

Hai que ter en conta aspectos de prevención, atención e promoción, e debe contemplar de maneira integral as diferentes áreas de actuación, pois só cunha visión integradora se propiciará o uso dos recursos de forma eficiente.

-NORMALIZACIÓN

O principio de normalización implica que as persoas inmigrantes accedan aos diversos servizos e programas, tanto públicos como privados, polas vías usadas polo conxunto da poboación, intentando evitar deste xeito unha posible canle de segregación ou guetización.

A pesar disto, cremos na necesidade da creación de certos nexos de unión, programas e servizos especializados, para o uso eficaz dos recursos existentes e poder equiparar en igualdade de condicións ao resto de poboación e crear así unha verdadeira cidadanía.

-COORDINACIÓN E TRANSVERSALIDADE

Un dos pilares básicos para un bo funcionamento da Administración Pública, e sobre todo na Administración Local, por ser a máis cercana á cidadanía, é a coordinación. Esta require de accións e comportamentos concretos e integrais de todos os departamentos municipais, así como tamén das entidades sociais, organizacións non gubernamentais, tecido asociativo...

Así calquera acción de calquera institución debe ser tratada non só técnica, senón tamén se deben incluír enfoques de xénero e igualdade. Neste senso, a idea de tratar o tema da inmigración e integración da mesma, ten que estar patente en todos os proxectos e actuacións municipais, para deixar ben reflexada a nova realidade social, na cal a diversidade cultural é cada vez máis destacable.

-RESPONSABILIDADE PÚBLICA

A propia complexidade do fenómeno migratorio, plantea o traballo de establecer, impulsar, e coordinar, por parte das distintas administracións públicas unha serie de políticas de integración dirixidas ao colectivo inmigrante. Así, a Administración Local competente, xunto co resto dos axentes sociais máis significativos no ámbito da integración deste colectivo, debe marcar unha serie de medidas e directrices básicas na súa xestión, para poder garantir dereitos básicos ás persoas inmigrantes, sexa cal sexa a súa procedencia ou situación administrativa e facilitar os recursos necesarios para a posta en marcha destas políticas.

-INTERCULTURALIDADE

A diversidade cultural, propia do noso municipio, fai que un dos obxectivos prioritarios á hora de diseñar actuacións para a cidadanía, sexa o achegamento e convivencia entre as distintas culturas, mantendo como eixe principal a tolerancia e o respecto mútuo, tanto da sociedade de acollida coa sociedade inmigrante, como as diferentes comunidades de inmigrantes entre si.

Para alcanzar este grande obxectivo é necesario crear espazos de interacción e fomentar actividades onde se poida usar e disfrutar das ventaxas da diversidade, creando unha sociedade enriquecida culturalmente.

-PARTICIPACIÓN SOCIAL

Para que as medidas e actuacións derivadas deste Plan, sexan asumidas polo conxunto da sociedade e especialmente polos colectivos afectados, a implicación e intervención activa das organizacións sociais, profesionais, civís e culturais de todo tipo, é o motor fundamental para poñer en marcha este principio.

A participación de todos os sectores da sociedade nas distintas actuacións cívicas, debe ser o eixo principal de toda política local, para conseguir unha poboación aberta e democrática, indicadores básicos e demostrativos dunha sociedade plural e en contínua transformación como está sendo a nosa.

VI. DEFINIÇÃO E OBXECTO DO PLAN

O Plan de Integración Municipal debe ser a referencia clave para a política de integración de inmigrantes municipal, na que teñen que destacar os principios de traballo conxunto e boa vontade, sen esquecer a importancia que ten neste tipo de actuacións a palabra consenso.

O consenso terá que estar admitido tanto polas distintas delegacións municipais como polos diferentes partidos políticos da corporación, así como as entidades sociais, asociacións e a cidadanía en xeral que participe na posta en marcha deste Plan.

O obxectivo primordial é por tanto garantir a plena integración dos inmigrantes no municipio de Burela, mediante actuacións que permitan a acollida, inserción social e vida cotiá das persoas estranxeiras xunto ao resto da cidadanía.

Neste senso, podemos diferenciar dous grandes obxectivos e unha serie de obxectivos máis específicos.

OBXECTIVOS XERAIS

-Favorecer a integración social dos colectivos inmigrantes que se achegan ao noso municipio.

-Sensibilizar á poboación de acollida en relación ao fenómeno da inmigración, promovendo a tolerancia e o respecto cara estes colectivos.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

-Equiparar dereitos e deberes de todas as persoas e garantir o principio de igualdade de oportunidades en todos os ámbitos da vida social municipal.

-Implicar ás diferentes administracións, empezando pola local e as distintas asociacións, para facilitar o encontro e a ósmose entre todas as partes da poboación, e así coñecer as distintas necesidades dos colectivos.

-Conseguir a autonomía individual e colectiva das persoas e dos grupos, favorecendo así o descenso da dependencia.

-Reforzar o sentido de identidade dos distintos colectivos do conxunto da comunidade.

-Fomentar a autoestima e a independencia dos colectivos inmigrantes.

-Facilitar o acceso das persoas inmigrantes aos dereitos básicos de vivenda, servizos sanitarios e emprego, en igualdade de condicións que os nacionais.

-Garantir o acceso das persoas inmigrantes ao sistema educativo, diminuindo o absentismo e fracaso escolar e promocionando a continuación de estudos a niveis superiores, así como fomentar a educación de adultos.

-Promover a convivencia cidadá facendo fincapé nos valores de solidariedade, coñecemento mútuo, tolerancia e respecto á diversidade.

-Coordinar os distintos servizos municipais dende unha perspectiva integral.

VII. ÁREAS DE ACTUACIÓN

Como factores destacados en todas as áreas a traballar, hai que destacar o tema **MULLER** e **SENSIBILIZACIÓN**. Ambos eixes non os ímos traballar de xeito independente, posto que consideramos que ao estar intentando garantir a igualdade entre as distintas persoas, sen ser diferenciados pola súa orixe e nacionalidade, é obvio o tratamento igualitario por diferenza de xénero. En canto á sensibilización, é unha das funcións que cobran máis importancia dentro das áreas a tratar, posto que é mediante este mecanismo polo que o cambio da sociedade se vai transformando nunha máis aberta e moderna.

- ACOLLIDA E ACCESO AOS RECURSOS
- PARTICIPACIÓN CIDADÁ
- SERVIZOS SOCIAIS
- EDUCACIÓN
- CONVIVENCIA INTERCULTURAL

ACOLLIDA E ACCESO AOS RECURSOS

OBXECTIVO 1: Informar ao colectivo inmigrante sobre as diferentes xestións sobre o aluguer e compra dunha vivenda.

- Proporcionar información xeral dende o programa de integración de inmigrantes sobre os distintos procedementos para a aluguer ou compra dunha vivenda (a onde acudir, posibles subvencións, vivendas sociais...)
- Derivar aos servizos de desenvolvemento municipal, para obter información máis detallada, específica e individualizada sobre o tema vivenda.
- Realización de charlas grupais orientadas a solventar dúbidas sobre as subvencións, vivendas sociais, compra de vivenda, etc.

OBXECTIVO 2: Asesorar ao colectivo inmigrante sobre os principios de convivencia veciñal na sociedade de acollida.

- Informar sobre os dereitos e deberes dunha comunidade de veciños.
- Informar sobre aspectos básicos de convivencia cívica como horarios, recollida de lixo, limpeza de inmuebles, ruído, mantemento das instalacións...

OBXECTIVO 3: Sensibilizar aos propietarios das vivendas e aos xestores inmobiliarios da recepción da poboación inmigrante como posibles usuarios do seus servizos.

- Charlas preventivas para a sociedade de acollida sobre os prexuízos existentes sobre a poboación inmigrante.

- Charlas dirixidas aos xestores inmobiliarios e aos propietarios das posibles vivendas de aluguer, sobre os dereitos que teñen os posibles inquilinos de ditas vivendas (vivendas dignas, precios estandarizados ...)

Estas dúas medidas lévanse a cabo para non desfavorecer á poboación inmigrante por razón de raza ou nacionalidade e para fomentar un mercado de vivenda máis digno e xusto para todos.

OBXECTIVO 4: Facilitar á sociedade inmigrante o acceso ao emprego en igualdade de condicións que a sociedade de acollida.

- Derivar aos servizos de formación e emprego municipais para a búsqueda de cursiños de capacitación.
- Realización de obradoiros para a creación de itinerarios formativos individualizados.
- Realización dun cursiño de autoemprego.
- Charla orientativa sobre as oportunidades laborais reais da zona.

OBXECTIVO 5: Fomentar a conciliación familiar e laboral debido ao grande número de familias monoparentais e inexistencia de familiares residentes na zona.

- Crear espazos de garda de menores.
- Sensibilizar aos pais e nais da existencia e participación nas diversas actividades extraescolares dos distintos centros educativos.

OBXECTIVO 6: Sensibilizar e fomentar á participación do tecido empresarial do noso municipio nas diferentes actividades a desenvolver no eido da contratación laboral de persoas estranxeiras.

- Asesorar dende o programa de integración de inmigrantes a aqueles empresarios que o requiran, sobre os requisitos esixidos para a posible contratación, renovación, modificación de contratos laborais en persoas estranxeiras.
- Charlas informativas dirixidas ao sector empresarial sobre os dereitos e deberes dos estranxeiros e sobre os diferentes tipos de contratación dos mesmos.

OBXECTIVO 7: Dar a coñecer o funcionamento do sistema sanitario galego e coordinación do servizo de integración do inmigrante municipal cos servizos de atención ao paciente da administración sanitaria.

- Informar dende o programa de integración municipal dos servizos básicos de atención sanitaria e derivar ao centro médico correspondente.
- Manter contactos cos traballadores sociais dos distintos centros médicos.

OBXECTIVO 8: Promocionar a educación para a saúde e fomentar hábitos de vida saudables, axudando a manter a boa saúde, da que, en xeral goza a poboación inmigrante.

- Charla informativa sobre o sistema sanitario galego.

- Ciclo ou seminario que aborde os principios básicos para unha vida saudable (hixiene, vacinación, revisións periódicas, alimentación...)
- Charlas específicas sobre sexualidade, maternidade, prevención de riscos no embarazo, primeiros coidados na infancia ...

OBXECTIVO 9: Evitar que o duelo migratorio se convirta en duelo patolóxico

- Obradoiro de autoestima para fortalecer os sentimentos e as actitudes das persoas recién chegadas.
- Apoio psicosocial e seguimento do duelo migratorio daquelas persoas máis vulnerables.
- Diferentes xuntanzas entre as persoas con duelo migratorio e persoas inmigrantes integradas no noso municipio para poñer en manifesto os seus logros acadados.

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

OBXECTIVO 1: Sensibilizar á poboación en xeral sobre as diferentes realidades culturais que existen no noso municipio.

- Difusión do I Plan Municipal de Integración de Inmigrantes a toda a poboación burelesa.
- Organizar distintas xornadas sobe integración da poboación inmigrante e interculturalidade.
- Realizar actividades de sensibilización en torno á inmigración e integración de inmigrantes en todos os ámbitos municipais.

OBXECTIVO 2: Potenciar o asociacionismo entre a poboación inmigrante e impulsar a participación dos mesmos no movemento asociativo.

- Fomentar o asociacionismo das persoas inmigrantes, así como asesoralos na constitución das asociacións.
- Facilitar o rol social e cultural destes colectivos
- Fomentar o enfoque de xénero na toma de decisións das asociacións de inmigrantes.
- Sensibilizar á poboación inmigrante da participación como socios nas distintas asociacións municipais.

OBXECTIVO 3: Propiciar cauces de participación e diálogo que permitan canalizar as demandas e necesidades do colectivo inmigrante, facilitándolles os recursos na vida social burelesa.

- Difundir o Programa de Integración de Inmigrantes municipal.
- Establecer mecanismos que aseguren a presenza de diferentes axentes sociais, para definir as políticas locais de inmigración.
- Establecer convenios de colaboración para o mantemento de servizos destinados á atención deste colectivo.

-Redefinir as relacións entre Concello, Asociacións, ONGs,... nas intervencións do Plan.

OBXECTIVO 4: Potenciar a incorporación en actividades infantís e xuvenís de carácter lúdico e educativo da poboación inmigrante asentada no noso municipio.

- Informar nos diferentes departamentos municipais das diferentes actividades dirixidas a menores.
- Impulsar que as familias utilicen todos os recursos normalizados dirixidos á ocupación do tempo de ocio e de lecer.
- Implicar ás familias que fagan uso do Programa de Educación Familiar municipal nas diferentes accións participativas que teñan lugar no municipio.

OBXECTIVO 5: Fomentar o voluntariado cara a organizacións de apoio á poboación inmigrante.

- Colaborar coas diferentes organizacións non lucrativas que traballen no eixo de integración de inmigrantes.
- Implicar a tódolos traballadores municipais da necesaria implicación no tema do voluntariado.

SERVIZOS SOCIAIS

OBXECTIVO 1: Proporcionar unha atención integral ao conxunto de necesidades básicas da poboación inmigrante

- Atender ás necesidades específicas das persoas inmigrantes dende a rede ordinaria dos servizos sociais.
- Informar e asesorar dende o programa de integración de inmigrantes sobre cuestións específicas deste colectivo.
- Servizos de intérpretes nos casos que resulten necesarios

OBXECTIVO 2: Adecuar os servizos existentes ás necesidades da nova realidade social intercultural

- Formación en interculturalidade a profesionais que traballan con persoas inmigrantes.
- Fomentar o traballo transversal en todos os departamentos municipais.
- Identificar e transferir as boas prácticas de integración.

OBXECTIVO 3: Fortalecer os recursos de información e comunicación e os servizos existentes para favorecer o acceso aos mesmos da poboación inmigrante.

- Execución do I Plan para integración de persoas inmigrantes.
- Seguimento e desenvolvemento do Plan.
- Actualización dos soportes técnicos que faciliten a información á poboación inmigrante.

-Inclusión na páxina web municipal dun enlace de encontro entre culturas, temas de debate, propostas e suxerencias sobre o tema da inmigración.

OBXECTIVO 4: Fomentar o coñecemento da realidade migratoria no municipio para orientar a política local nesta materia.

- Recoller datos informativos sobre a poboación inmigrante do municipio
- Creación dunha sección bibliográfica sobre inmigración e integración na biblioteca municipal.
- Recopilación de material propio (libros, música, artesanía, fotografías...) dos distintos países de orixe dos inmigrantes residentes no noso municipio.

EDUCACIÓN

OBXECTIVO 1: Evitar e paliar o fracaso escolar do alumnado inmigrante, realizando medidas educativas compensatorias.

- Colaboración e coordinación cos orientadores escolares dos distintos centros educativos.
- Implicar ao alumnado inmigrante con máis necesidades educativas na aula de apoio ao alumnado estranxeiro.
- Charlas informativas sobre o funcionamento do sistema educativo español, facendo fincapé, na importancia da implicación dos pais e nais dentro do proceso educativo.

OBXECTIVO 2: Evitar e paliar as dificultades nas distintas linguas oficiais da Comunidade Autónoma realizando medidas para a integración lingüística.

- Colaboración e coordinación cos orientadores escolares dos centros educativos.
- Implicar ao alumno inmigrante con máis necesidades lingüísticas na aula de apoio ao alumnado estranxeiro.
- Sensibilizar aos pais e nais destes nenos e nenas para que participen nas distintas actividades de ocio e tempo libre, nas cales poidan usar os idiomas galego e castelán cos outros nenos autóctonos.

OBXECTIVO 3: Evitar o absentismo escolar e fomentar o coñecemento das normas de convivencia escolar.

- Charla preventiva sobre os bos hábitos escolares (horarios, vestimenta, material, etc) dirixida aos alumnos estranxeiros.
- Charla preventiva sobre os bos hábitos escolares (horarios, vestimenta, material, etc) dirixida aos pais e nais do alumnado estranxeiro
- Contactos co departamento de orientación escolar sobre casos puntuais para a incorporación dos mesmos ao programa de educación familiar municipal.

OBXECTIVO 4: Fortalecer a integración escolar dentro da aula.

- Colaborar cos recursos dispoñibles, humanos ou materiais, do programa de integración de inmigrantes, nas posibles actividades a desenvolver por parte da comunidade educativa.

OBXECTIVO 5: Promocionar a educación de adultos.

- Informar e animar a participar na aula de apoio de estranxeiros.
- Informar e derivar ás distintas organizacións que ofertan cursiños formativos e de capacitación.
- Asesorar sobre os distintos trámites administrativos á hora da homologación dos distintos ciclos educativos realizados no estranxeiro.

CONVIVENCIA INTERCULTURAL

OBXECTIVO 1: Fortalecer os contactos coa poboación inmigrante para favorecer o desenvolvemento da convivencia intercultural e promocionar dita convivencia en espazos públicos.

- Mediación intercultural.
- Creación de espazos públicos de encontro intercultural que permitan o diálogo entre as diferentes culturas.
- Formación interna en inmigración e mediación intercultural.

OBXECTIVO 2: Diseñar e desenvolver campañas sobre a diversidade cultural dirixida á cidadanía.

- Promocionar actividades de sensibilización con todos os axentes socioculturais.
- Contribuir á elaboración de materiais didáticos para traballar no ámbito educativo.

OBXECTIVO 3: Manter informada á poboación inmigrante de maneira integral e precisa sobre os distintos recursos culturais e educativos existentes no noso municipio.

- Promover a participación do colectivo inmigrante nas diferentes asociacións e celebracións do municipio.
- Creación dunha base de datos de asociacións e colectivos de poboación inmigrante para facilitarlles todo tipo de información relacionada coa oferta educativa, lúdica e cultural do municipio.

OBXECTIVO 4: Facilitar a adaptación do colectivo inmigrante ao seu novo contorno mediante o coñecemento do municipio a nivel organizativo, histórico e cultural.

- Organización de visitas didáticas ao Concello e a outras institucións para coñecer as súas características, funcións, servizos,... que prestan ao cidadá.

-Realización de charlas orientativas sobre o funcionamento de diferentes institucións dirixidas á poboación inmigrante recién chegada.

OBXECTIVO 5: Fomentar a visibilidade da diversidade cultural existente no noso municipio.

-Promocionar actividades de divulgación da diversidade cultural do noso Concello, tales como mostras folclóricas, exposicións fotográficas, degustacións gastronómicas,...

-Difundir a realidade intercultural do noso municipio en diversos medios de comunicación, para que o fenómeno das migracións sexa coñecido e respetado por toda a cidadanía.

VIII. AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO

Farase unha avaliación contínua dende o primeiro momento en todas as áreas que se traballen. Debese observar de forma continuada e crítica todos os avances que se lograsen e ir correxindo todos os posibles erros cometidos.

Vaise facer unha avaliación interna de todo o proceso, realizada polo persoal técnico encargado do Plan, que será unha compilación dos diferentes informes municipais, tendo en conta indicadores de sensibilización, intervención, participación, coordinación, comunicación, calidade dos recursos, satisfacción das accións e dos usuarios,...

Ademais é necesario que se faga tamén unha avaliación desde o exterior, é dicir, ter en conta os diferentes informes e aportes individuais daqueles grupos, entidades ou persoas ailladas que participasen na elaboración do Plan.

En resumo, con esta serie de avaliación preténdese tres grandes retos:

- Eficacia: coñecer o grado de cumprimento dos obxectivos marcados.
- Efectividade: comprobación de que o Plan xerara efectos positivos na poboación.
- Boa relación entre recursos invertidos e resultados acadados.

Programa de integración de inmigrantes

Casa do Concello

Eijo Garay, 20

27880Burela

Teléfono: 982.586000 982.580609



Concello de Burela



Concellería de Servizos Sociais,
Muller, Igualdade e Sanidade.